

COTOBADE

Directorio

Concello de Cotobade

Chan, 11, Carballedo

36856 Cotobade


986 76 00 01

<http://www.concellodecotobade.org/>

Asociación Astronómica Sirio de Pontevedra

<https://sites.google.com/site/asociacionastronomicasirio/home>

a.sirio.pontevedra@gmail.com



Distancias

Terras de Pontevedra:

Campo Lameiro	16km
Cotobade	0km
Marín	26km
Poio	27km
Ponte Caldelas	13km
Pontevedra	19km
Vilaboa	26km

Galicia:

A Coruña	156km
Ferrol	178km
Lugo	129km
Ourense	85km
Pontevedra	19km
Santiago de Compostela	82km
Vigo	46km

Sendas fluviais do Río Alfofrei



Senda fluvial do río Alfofrei, inicio



Senda fluvial do río Alfofrei, muíño



Senda fluvial do río Alfofrei, desnivel



Senda cara ao Pozo Negro, inicio



Senda cara ao Pozo Negro



Senda cara ao Pozo Negro



Senda cara ao Pozo Negro



Pavimento, detalle



Primeiras dificultades



Remate da zona cómoda

O Concello de Cotobade sitúase na estrada PO-233, km 12,5. Case fronte á Casa do Concello, hai un desvío coas indicacións Pozo Negro 2, Rebordelo 1,5. Sobre este indicador hai tres placas de lugares de interese: San Martiño de Rebordelo, San Brais e Praia Fluvial.

Baixando por esta pista –co coche-, crúzase o Almofrei sobre unha pequena ponte e, a continuación, comeza a área recreativa. O deseño reflicte a vontade de facer un percorrido accesible, pero, ao non compactarse o pavimento, a chuvia, o vento e o xeo luíron o camiño.

É mellor aparcar na seguinte curva e seguir a senda que vai paralela aos prados. E chá, de terra, aínda que estable e dura, e permite dar un paseo moi tranquilo. Se hai sorte, incluso pódese ver gando pacendo ou remoendo á sombra das árbores.

A volta é curta, non máis dun kilómetro entre ir e vir, xa que chega un punto no que mixtúranse dous dificultades: unha forte pendente –maior do 12%- e irregularidades no terreo. De tódolos xeitos, o paseo paga a pena, xa que estase nun espazo natural aberto e cómodo.

Como case sempre nestes casos, a mobilidade é máis sinxela con cadeira de motor e scooter que con cadeira manual, pero a dificultade é pequena e asumible.

Observatorio Astronómico



Observatorio astronómico



Vista aérea

O Observatorio Astronómico de Cotobade foi promovido pola Asociación Cultural e Medioambiental Canón de Pau, e construído no lugar da Poza, cedido a tal efecto pola Asociación de Montes de Carballedo.

Como ocorre habitualmente con este tipo de instalacións, trátase dun lugar afastado e perdido, pero, precisamente por iso, paga a pena chegarse ata aló e disfrutar da paisaxe.

Chégase ben en coche, sen problema, non é necesario todo terreo, nin ter habilidades especiais co volante. Unha vez na leira, o percorrido dende a entrada ata o observatorio é un camiño de terra, coidado, pero non pavimentado. Pódese chegar co vehículo ata a porta da instalación, pero tamén pode darse un paseo e disfrutar do silencio.

Hai observacións guiadas do ceo tódolos sábados con noite aberta. Pódese contactar no enderezo a.sirio.pontevedra@gmail.com

San Miguel de Carballedo



Camiño e vista xeral da aldea



Acceso á igrexa



Cruceiro



Aldea

San Miguel de Carballedo é unha pequena aldea con prados, casas de pedra, piornos, cruceiro e igrexa. A poboación está pavimentada co asfalto. Ten unha distribución lonxitudinal, da que a maior parte ten unha pendente nula o moi suave –inferior ao 2%–.

A parte das leiras e completamente chá, aínda que o camiño está ben cuberto de herba.

A igrexa ten cuberta a catro augas, campanario con decoración de placas, cruceiro en planta, sacristía e transepto.

En xeral, a aldea é facilmente visitable, sinxela de percorrer e sen atrancos significativos.